

1º DE MAIO

día internacional da clase traballadora

Polo emprego, dereitos e prestacións sociais

A intensidade coa que se está a producir a crise do capitalismo, está provocando de xeito acelerado a destrución de miles de emprego en Galiza. As empresas aproveitan a caída da actividade para impoñer despedimentos baratos do persoal con contratos fixos por medio de ERE. Mentres isto sucede a CEOE e Institucións Públicas como o Banco de España reclaman reformas estruturais nos dereitos do traballo, diminución dos salarios e recortes nas coberturas e prestacións sociais.

AS respostas do Goberno Español en perfecta sintonía coa doutrina do neoliberalismo, pasa por conceder miles de millóns de euros do diñeiro público ó capital financeiro especulativo, responsable da crise, e destinar axudas a sectores industriais sen comprometer e condicionar o mantemento do emprego. Non debemos esquecer que o beneficio empresarial nos dez últimos anos no estado español foi superior ao 70%, dúas veces maior que a media Europea. O reparto da riqueza creada concentrouse nas mans dos mais ricos. Todo isto ao tempo que en Galiza superamos os 200 mil parados/as, continua o derrame incesante de regulacións de emprego e peches de empresas e a negociación dos Convenios está paralizada interesadamente polos empresarios.

Dende a CIG nestes últimos meses temos mobilizado diferentes sectores na defensa do emprego,

manifestando como organización, a urxencia por unha necesaria resposta da clase traballadora que obrigue medidas extraordinarias de alcance político. A reactivación da economía coa creación dunha banca Pública, tamén en Galiza, que non permita o estrangulamento do sistema produtivo; a protección dos desempregados e daqueles/as que xa non teñen ingresos por medio dun salario de reinserción laboral, unha fiscalidade progresiva na que paguen mais os mais ricos, ampliar os sistemas de protección social básicos (saúde, pensións, atención a situacións de dependencia e discriminación, etc.) o desenvolvemento de infraestruturas e actividades económicas que se baseen na protección do medio ambiente e potenciar a soberanía alimentar....ou sexa avanzar cara un novo modelo económico e social, que comprometa a soberanía do pobo galego e o socialismo do século XXI.

POR UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL.



1^o
DE
MAIO

Día internacional da clase traballadora

Como afecta a crise á comarca de Pontevedra

Na comarca de Pontevedra a crise xa afectou a milleiros de traballadores e traballadoras eventuais dos sectores da construción, metal, automoción, téxtil e servizos, que, principalmente no último trimestre do ano 2008 e no actual 2009, pasaron a engrosar as listas do INEM. Ademais disto, a Patronal despediu a centos de traballadores/as por medio de despedimentos por causas obxectivas e Expedientes de Regulación de Emprego (ERES).



FRONTE a esta ofensiva da Patronal, o noso sindicato mobilizouse o pasado 13 de novembro na cidade de Pontevedra, onde a resposta dos traballadores e traballadoras á campaña da Confederación Intersindical Galega (CIG) foi moi boa, e rematou cunha gran manifestación.

Froito da mobilización conseguimos parar moitos despedimentos, os cales foran inicialmente presentados como Expedientes de Regulación de Emprego e ao cabo remataron en ERES temporais, con complementos e cláusulas que garanten de momento o emprego. Así, no sector da automoción temos a: Treves e Gonvarri; na construción: Maderas del Atlántico; no metal: Thune Eureka, Industrias Guerra, no téxtil Generos de Punto Montoto.

Xunto a esta situación laboral, temos 18 empresas na vía concursal, das cales só Generos de Punto Montoto segue en pé, e as outras 17 están actualmente pechadas.

Demóstrase na práctica que a Lei Concursal é un fraude legal que non serve para a continuidade das empresas e dos postos de traballo, e que só serve para salvar o patrimonio dalgúns empresarios e para que na maioría dos casos os avogados/as das empresas e algúns administradores/as concursais sexan os únicos que perciben cantidades, mentres que os traballadores e traballadoras non cobran nada e só lles queda solicitar as prestacións do FOGASA. Como CIG non podemos permitir estes abusos, e temos que mobilizarnos denunciando esta situación.

MANIFÉSTATE este 1^o de MAIO coa CIG

ás 12 da mañá na
PRAZA DA FERRERÍA de Pontevedra



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com